

## Douche a miña palabra – Capítulo 3

Naturalmente cando eu era neno non sabía escribir.

Vale, escribir si que sabía, o que quero dicir é que o que escribía non tiña ningún valor literario. Ninguén nace aprendido.

Un escritor ou escritora faise pouco a pouco. Como cando botamos as patacas á tixola para fritilas.

A ti seguro que che gustan feitiñas e tenras, que trisquen na boca.

Que ricas!

Pero se o lume da cociña está moi alto, sabes que pasa coas patacas? Que se queiman. E sabes que pasa se o lume está moi baixo? Que se enchoupan de aceite e póñense brandas.

Para estaren ricas requiren o seu punto xusto.

Aprender a escribir tamén require un punto.

E ese punto ten que atopalo cadaquén.

Para empezar, é moi importante ler moito. Moito, moito.

Se non les, nunca aprenderás a escribir. Canto máis leas, mellor escribirás.

Aos deportistas pásalles o mesmo: canto máis adestran, mellores resultados sacan. Se un deportista non adestra, non está en condicións para competir nun campionato.

Un escritor que non le é como un arquitecto que non sabe facer planos: se o plano está mal feito, o edificio pode vir abaixo.

Imaxina un médico que non coñece os síntomas das enfermidades. Ou que non coñece os medicamentos para curalas... Como nos vai sandar, logo?

As palabras aprendémolas, sobre todo, coa lectura. Coa lectura afacémonos a elas, vémoslles as tripas, levantámoslles as patas, cortámoslles as unllas, habituámonos a sentilas, a facelas nosas, a roubalas.

Non hai cousa máis bonita que roubar unha palabra sen que ninguén se decate, se o facemos ben!

Roubámola e... xa é nosa!

Para sempre.

Eu teño unha boa colección de palabras roubadas, pero... non che vou dicir cales son!

Para escribir ben, temos que aprender a roubar palabras. E lendo, podemos roubar moitas.

Chega un momento en que xa non te decatás; róubalas inconscientemente.

Eu declárome ladrón de palabras.

Os escritores roubamos palabras dos libros que lemos, pero tamén, non te sorprendas, roubamos palabras da boca das persoas.

Non te estrañes, porque as palabras forman parte de fala que abrolla na boca das persoas.

Mellor dito, é o primeiro lugar ao que chega a palabra: á boca.

Vén do cerebro e chega á boca.

A principio, a palabra permaneceu unicamente aí, na boca.

De aí, logo pasou ao papel.

Por iso tamén temos que estar moi atentos ao que se fala e a como se fala. Hai persoas que escriben contos sen papel; só coas palabras na boca.

Fragmento de Alonso, F. (2021). *Douche a miña palabra – Capítulo 3*. Edicións Xerais.



“Texto a identificar”, do proxecto cREAgal, publícase coa [Licenza Creative Commons Recoñecemento Non-comercial Compartir igual 4.0](#)

